

**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN 2024/CP/193
(REFERENCIA AXUDA: ABC-EU-XVA ITN-EID Project (Remaining funds))****ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO.- Con data 09/09/2024 publicase no TEO a convocatoria de contratación 2024/CP/193.

SEGUNDO.- Con data 27/09/2024 publicase a proposta de resolución provisional, na que figuran as persoas candidatas seleccionadas por orde decrecente de puntuación concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións ante a Comisión.

TERCEIRO.- Non téndose presentadas alegacións, con data 08/10/2024 publicase a proposta de resolución definitiva xunto coa acta de puntuacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Téndose cumprido as esixencias e condicións establecidas no Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento, aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024, e constando motivación necesaria e suficiente na formulación da proposta de resolución definitiva pola Comisión de Selección, compre resolver a presente convocatoria e adxudicar o contrato á persoa seleccionada pola devandita Comisión.

Polo exposto,

RESOLVO adxudicar do contrato en favor de:

Davide Trevisani con documento de identidade ***354***

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no TEO.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Código Seguro De Verificación	0QjiVjdVyhsHtqF/brMhWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	08/10/2024 10:52:49
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0QjiVjdVyhsHtqF/brMhWA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

